

Gonçalo Anes do Vinhal

Rubrica

Par Deus, amiga, quant'eu receei
do meu amigo, todo m'hoj'avém:
ca receei de mi querer gram bem,
como m'el quer, polo que vos direi:
eu, pois fui nada, nunca houv'amor
nem quig'amig'em tal razom haver;
e el filhou-m'à força por senhor,
a meu pesar, e morrerá por en.

E nom se pod'alongar, eu o sei,
dos que migo falam, nem encobrir,
que lhis nom fale em al, pera oír
em mi falar; e já me lhi ensanhei
por que o fez, e nunca el maior
pesar oíu, mais nom pod'al fazer;
mais, esso pouco que el vivo for,
farei-vo-lh'eu o que m'el faz sentir.

E sabe Deus o pesar que end'hei
- mais nom se pode de mui gram pesar
guardar, seno[m] que[m] x'en del quer guardar;
mais sempre m'eu d'atal preito guardei
o mais que pud'e nom houv'i sabor;
mais el me mata porque quer morrer
por mi, de pram; e, do que m'é peor,
nom pod'en já o coração quitar.

E há tam gram coita de me veer
que lh'haverám este preit'a saber.